

## **MOCIÓN DE EU PRESENTADA POR AER PARA UN NADAL SEN FAME INFANTIL**

PLENO 27 NOVIEMBRE 2014. ACTA 17/2014

No pasado verán en moitos concellos incluído o de Redondela aprobáronse mocións para tentar paliar os problemas reais de nutrición infantil que está a padecer todo o país. Por aquelas datas o profesorado galego, ó igual que os representantes das asociacións de nais e pais, relataban a existencia dun número importante de sinais de alarma sobre a situación que atravesaban moitos fogares galegos: nenos e nenas que acoden ó colexio sen almorzar, episodios de mareos e mesmo desmaios entre o alumnado durante a xornada escolar, rapaces que comen de xeito compulsivo no comedor escolar repetindo varias veces o menú do día, baixada inxustificada no rendemento académico etc. Síntomas todos eles evidentes de que a pobreza infantil está a deixar xa unha fonda pegada na vida de moitos nenos e nenas de Galicia.

Diante destas e doutras situacións, mesmo a Defensora do Pobo, dona Soledad Becerril, solicitaba por aquelas datas a todas as Consellerías de Presidencia das Comunidades Autónomas que os comedores escolares atenderan no verán aos menores en situación de vulnerabilidade.

Estas recomendacións non foron practicamente atendidas polos responsables públicos; os cales dedicaron os seus esforzos máis que a tomar medidas, a poñer parches como ocorreu neste Concello.

O próximo mes de Decembro darán comezo as vacacións escolares de Nadal pechando así os comedores escolares; e moitas nenas e nenos volverán a estar en risco de non percibir una comida axeitada ao día. Por todo elo, como a fame non entende de datas, e tendo en conta a situación de urxencia e emerxencia de numerosas familias do noso Concello, o Grupo Local de Esquerda Unida propón o seguinte acordo para garantir un Nadal sen fame infantil.

(Antes da lectura dos acordos é preciso destacar que na pasada sesión plenaria do mes de Setembro, a conta xeral do ano 2013 arroxaba un superávit de 360.000 euros).

### **ACORDO**

**No programa lúdico-festivo municipal que se ven facendo na vila e parroquias para as festas do Nadal deberase incluír a creación de dous obradoiros, con actividades gratuítas, orientadas a nenas e nenos que estean cursando infantil e primaria. O programa dará comezo ao inicio das vacacións escolares e pecharase ao remate das mesmas. O horario do programa será o mesmo que o horario escolar e darase unha merenda e un xantar aos participantes que o soliciten. O programa deberá ser flexible, facilitando a entrada e recollida das nenas e nenos a diferentes horas. O servizo de comedor será segundo o baremo económico que se aplica nos centros escolares e gratuíto para familias demandantes inscritas nos servizos sociais con nenas e nenos en risco de exclusión social.**

**VOTACIÓN E ACORDO.-**

*O pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acorda rexeitar tanto o título da moción como a parte expositiva da mesma e traballar para conseguir que os nenos e nenas de Redondela, de familias con necesidades económicas teñan garantidas a necesidades alimentarias básicas*